



DECEMBRO 2025

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Decembro 2025

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24
VIAXEIROS	6.937.385	5,7%	277.435	2,2%
NOITES	18.546.462	2,9%	490.754	2,3%
ESTADÍA MEDIA	2,67	-2,7%	1,77	0,1%
% OCUPACIÓN	49,65%	0,80	32,57%	0,87
ADR	120,3 €	2,5%	72,2 €	4,6%
RevPAR	69,2 €	4,5%	27,5 €	12,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de decembro o INE estima que abriron en Galicia arredor de 1.100 establecementos hoteleiros –cifra similar á do pasado ano 2024–, que ofertaron algo máis de 48 mil prazas –dato que en termos globais mantense en niveis parellos aos do pasado ano–.

Amósanse a continuación os principais resultados deste último mes de 2025:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de decembro algo máis de 277 mil viaxeiros aloxados e preto de 491 mil noites, cifras que presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites crece un 2,3% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros aloxados –do 2,2%– nun contexto de estabilidade da estadía media.
- Este incremento, o primeiro nos últimos cinco meses, coloca o nivel de demanda deste ano en máximos da serie histórica se ben con escasa diferenza respecto do valor de 2023 –moi próximo ás 490 mil pernoctacións–. En realidade, de 2022 a 2025, e tamén en 2019, o volume de demanda hoteleira do mes de decembro sitúase por encima das 450 mil noites pero sempre con valores inferiores aos de agora en 2025.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase igualmente un comportamento positivo, rexistrando un crecemento do 2,2% que sitúa o volume final por encima dos 277 mil, sendo neste caso a segunda cifra máis elevada de toda a serie histórica do mes de decembro –fica por debaixo do nivel de 2023–.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo variable nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan dinámica positiva. Boa parte delas, once en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade A Rioxa –cunha suba do 20%– e Cantabria –cun crecemento do 18,5% interanual–. Acompaña neste grupo Castela A Mancha –rexistra un incremento do contorno do 10% neste caso–. No lado contrario a suba máis moderada localízase en Galicia e o País Vasco –ambas do contorno do 2% interanual–.



- Tres destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano -Castela e León, Murcia e Asturias- mentres que os tres restantes presentan caídas en relación ao pasado ano - máis suave en Canarias, e de maior intensidade en Extremadura co descenso do 10% interanual-.
- Galicia colócase por tanto nunha posición media no ranking de variacións interanuais - no grupo de destinos con dinámica positiva-, cunha taxa de variación moi parella á media do conxunto do Estado -onde se observa un crecemento medio do 2,9%-.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase tamén no grupo de comunidades de comportamento positivo, cunha taxa de variación equivalente á de Murcia -entre as máis baixas do conxunto do Estado-. Sitúase nunha posición media no ranking a nivel estatal, tres puntos por debaixo da media do conxunto do Estado -que ascende ao 5,7%-.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 2,6% do total estatal. Mantén a posición dos últimos sete meses e gaña un posto en relación ao observado en abril e tres respecto de xaneiro e febreiro, consolidando a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Canarias – lidera por segunda vez consecutiva desde abril o ranking estatal con preto de 5,9 millóns de noites-, Andalucía –con 2,7 millóns-, Cataluña –con máis de 2,6 millóns-, Madrid –con preto de 2,3 millóns-, a C. Valenciana – con algo máis de 1,6 millóns- e Castela e León –con preto de 600 mil noites neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 82% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Canarias, que se coloca por segunda vez consecutiva desde abril como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Baleares que liderou o ranking de maio a outubro-, representa preto do 32% do total de España -porcentaxe superior á dos últimos meses-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia, por diante das restantes comunidades autónomas.
- O 79% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españóis que proceden doutras comunidades autónomas pois representan o 49% do total-. Así pois, case a metade das noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe similar á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 30%.
- Neste mes presenta menos volume e peso o mercado internacional pois representa o 21% do total da demanda hoteleira -segmento que por segunda vez consecutiva desde marzo non supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade-.
- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento algo variable a nivel de mercados. Así, en decembro mantense relativamente estable o turismo interno, dos residentes en Galicia, e increméntase o receptor -nun 1,1% aquel que procede do resto do Estado, e nun 8,2% o internacional-.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira neste mes de decembro ten, por tanto, un carácter relativamente homoxéneo e vén provocado pola dinámica positiva do turismo receptor.



- Con esta dinámica o mercado internacional recupera a tendencia de crecementos consecutivos rexistrados na temporada media e inicio da alta, de abril a xullo, e en setembro, que contrasta cos descensos rexistrados xa no inicio deste ano, en agosto e en outubro. Cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional recupera tamén o crecemento rexistrado nos últimos cinco anos, desde a pandemia, coa única excepción da caída observada xustamente en decembro do pasado ano 2024. Volve así a situarse por encima das 100 mil noites por segunda vez na serie histórica -igual que en 2023-.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados polos principais mercados, algúns con notable intensidade. Así neste mes incrementábase o turismo procedente de Portugal -primeiro mercado en orde de importancia-, que supera nun 4% o número de noites do pasado ano. Sobe tamén nos restantes mercados principais, con maior intensidade o italiano, francés, suízo e alemán -os tres primeiros superan en máis dun 40% o nivel de demanda do pasado ano-. Participa tamén desta dinámica positiva o mercado estadounidense se ben cun crecemento moi moderado, do 1,5% neste caso.
- Dentro do grupo dos principais mercados marca a excepción o británico pois amosa unha caída da demanda do 5%. Tal circunstancia coloca a este mercado en sexta posición en orde de importancia, perdendo varios postos respecto do que se observaba en meses anteriores.
- Apréciase, por tanto, un comportamento positivo e homoxéneo do mercado internacional que non responde a ningunha pauta concreta, se ben no caso do portugués consolida unha dinámica positiva logo de rexistrar caídas consecutivas de agosto a outubro. Destacan claramente en intensidade os incrementos dos mercados italiano, francés e suízo.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento algo parello pois o incremento deste ano engádese ao rexistrado nos últimos catro, rexistrando así cinco anos consecutivos de dinámica positiva no mes de decembro. Tal circunstancia eleva o número de noites a algo máis de 241 mil -cifra que supón un máximo da serie histórica do último mes do ano-.
- Este último presenta unha dinámica variable dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade. O principal mercado -Madrid- presenta un comportamento positivo, superando nun 5% o número de noites do pasado ano. Engádense a esta dinámica os mercados catalán, canario e vasco -os dous primeiros con crecementos por encima do 20% interanual-. Mantense estable o mercado andaluz e descenden neste mes, en contraste cos anteriores, os mercados de proximidade -un 1,3% o asturiano e un 11% o de Castela e León-.
- O turismo interno, coa estabilidade deste ano, deixa o volume de pernoctacións en 147 mil, cifra equivalente á dos dous últimos anos mais inferior á do bienio 2021-22. Fica, tamén, por debaixo dos valores anteriores á pandemia, de 2017 e 2019, e mesmo tamén da segunda metade da primeira década deste século, de 2005 a 2010.
- As pequenas diferenzas na variación do número de noites apenas provoca cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mantéñense relativamente estables os pesos dos dous segmentos nacionais -con

variacións de arredor do medio punto porcentual para o mercado interno e receptor nacional-, e mellora o peso do internacional -nun punto porcentual neste caso-. Neste sentido sae gañando xustamente o segmento internacional pois presenta mellor comportamento en termos relativos -coa taxa de crecemento máis elevada-.

- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno mantense por terceiro ano consecutivo no contorno do 30% do total das noites, porcentaxe que consolida o mínimo da serie histórica -xusto antes da pandemia situábase por encima do 35% e mesmo o 40% na primeira metade da década anterior, por exemplo-. O receptor nacional fica no contorno do 49% por segundo ano consecutivo, mentres que o internacional sobe en 2025 ao 21% do total das noites hoteleiras -a segunda porcentaxe máis alta da serie histórica-.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é neste caso relativamente parello. Mellora en todas as provincias agás en Pontevedra -única que presenta un descenso do número de noites, do 7%-. Os incrementos roldan o 7% en A Coruña e superan o 10% interanual en Ourense e Lugo -esta última marca a suba de maior intensidade, do 12,5% en relación ao pasado ano-.
- Co 43% das noites hoteleiras A Coruña lidera agora en decembro, por cuarto mes consecutivo, o mercado turístico hoteleiro -substitúe a Pontevedra que no verán lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual nos meses de temporada media e baixa-. Segue a continuación xustamente Pontevedra, co 36%, por diante de Lugo e Ourense -co 11% e 10% do total, respectivamente-. Mantense agora en decembro a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 79% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto algo diferente entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén variable. Neste sentido apréciase unha dinámica positiva en dous segmentos concretos: nos hoteis de catro e cinco estrelas -que presentan un incremento do 6,3%- e nas pensións de tres e dúas estrelas -rexistran a taxa de crecemento de maior intensidade superando nun 29% o número de noites do pasado ano-. A demanda mantense estable nos hoteis de tres estrelas e descende nas tres restantes categorías -un 2% nos hoteis de dúas estrelas, un 14% naqueles dunha estrela, e un 27% nas pensións dunha estrela-.
- Isto da como resultado que o nivel de demanda increméntase un 2% no conxunto dos hoteis e un 4% nas pensións.
- O conxunto dos hoteis representa o 88% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe máis do 50% do total das noites-, ficando o 12% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,8 noites, cifra que se mantén estable en relación ao pasado ano. Son así tres anos consecutivos nos que a estadía media hoteleira fica no contorno de 1,8 noites, manténdose entre as máis baixas dos últimos anos.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media-baixa no conxunto do Estado -supera tan só o dato de catro destinos-. Canarias, con 6,5 noites, marca a cifra máis elevada neste mes de decembro. No lado contrario o valor máis baixo queda en A Rioxa, con 1,6 noites de media.



- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media apenas varía entre provincias. Tres delas rexistran de media 1,8 noites no segmento hoteleiro -A Coruña, Lugo e Ourense- mentres que en Pontevedra o valor queda en 1,7 noites.
- Obsérvanse en cambio diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que en outubro e principios de ano, e ao contrario do observado de marzo a setembro, a estadía media acada os valores máis altos nas pensións dunha estrela -con 2,3 noites-. Aquelas dunha estrela rexistran 1,8 noites de media. No ámbito dos hoteis en particular a variabilidade é menor e sitúase xustamente entre 1,6 noites naqueles dunha estrela e 1,8 noites nos de catro e cinco estrelas. Ao contrario do que acontecía desde abril, o valor da estadía non está correlacionado coa categoría do aloxamento, e dáse unha circunstancia propia da temporada baixa -coa cifra máis alta xustamente no segmento de categoría máis baixo-.
- O incremento do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta mantense estable en termos interanuais -o número de prazas dispoñibles fica en valores parellos aos do pasado ano-. Isto leva a certa mellora dos niveis de ocupación en relación ao 2024 -de case un punto porcentual, para situarse no 32,6% de media-. Con isto os hoteis e pensións de Galicia conseguen elevar o nivel de ocupación ao nivel máis alto da serie histórica do mes de decembro.
- Tal circunstancia mantén o dato de Galicia nunha posición baixa no ranking estatal mellorando a cifra de tan só dúas comunidades autónomas -posto similar ao dos últimos meses-. Canarias marca agora en decembro, por terceira vez consecutiva desde abril, a porcentaxe máis elevada cun 70,2% de media -igual que o fixo no primeiro trimestre deste ano e substituíndo a Baleares que liderou o ranking de ocupación de abril a setembro-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda en Castela A Mancha -co 29,8% de media-.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 72,2 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 4,6%- así como a cifra de 2019 -nun 29% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de decembro. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras soben igualmente pero con menor intensidade -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 2,8%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición media-baixa a nivel estatal -mellora o dato de cinco destinos-. Canarias, con 161,8 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. No lado contrario é Murcia a que marca o valor máis baixo, con 68,8 euros neste caso.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións sobe un 5,0%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 4,6% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 12,6% situándose en 27,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible -a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 25 euros neste último mes do ano.
- Galicia fica neste ámbito nunha posición baixa respecto do observado nas restantes comunidades autónomas -marca, en realidade, o terceiro valor máis baixo de todo o



Estado-. Con 132,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Canarias marca tamén neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado.

- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 21,3 millóns de euros no mes de decembro, cifra que supera nun 8,6% o dato do pasado ano. Con este incremento supera tamén toda a serie anterior a 2024, ficando así como a cifra máis alta da serie histórica.



ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Decembro 2015-25




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Decembro 2025/24







Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Decembro 2025



6

Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Decembro 2025/24




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Decembro 2025/24




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Decembro 2025/24






Fig. 7. Evolución da estadía media. Decembro 2015-25




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Decembro 2015-25






Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Decembro 2014-25




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Decembro 2014-25

